



III CARREIRA e ANDAIDA DA FAMILIA 2019 **EN FAVOR DE ASANOG**

28 de setembro de 2019 a partir das 11:00 horas

A carreira-andaina da FAMILIA 2019 é un actividade organizada polo Concello de Ames a través da súa Concellaría de Deportes. Consistirá nunha carreira e andaina a pé que se celebrará xunto cun programa de actividades no cal tomarán parte asociacións e clubs do Concello de Ames.

A participación será individual ou en familias monoparentais ou de máis integrantes, compostos por avós/aboas ou pai/nai e fillos/as.

Toda a recadación do día irá destinada **INTEGRAMENTE** a **ASANOG**, "Asociación de Ayuda a Niños Oncológicos de Galicia", unha asociación sen ánimo de lucro que nace en 2012 para contribuír no ámbito da nosa comunidade a mellorar o estado dos nenos oncolóxicos e as súas familias.

Toda a información sobre esta asociación pódese consultar no ligazón <http://asanog.org/wp/>.

O evento formará parte da programación do Día do Deporte de Ames, tendo oferta dunha ampla variedade de actividades deportivas e lúdicas para todos/as as/os participantes.

A saída e meta da proba estará ubicada na rúa do Buxo, (aparcamento da Travesía do Porto) a carón do Centro Comercial **NOVO MILLADOIRO**. A participación estará aberta a todo o mundo e este ano para animar a mais familias tamén poderase participar cunha andaina con participantes de calquera idade. Os participantes menores de 10 anos deberán ir obrigatoriamente acompañados dun adulto na andaina/carreira.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

| HORA | ACTIVIDADE |
|----------------|--|
| 11:00 h | Entrega de dorsais e bolsa regalo na carpa organización |
| 11:30 h | Inicio da actividade. Sesión musical, animación, baile e DJ |
| 12:00 h | Sesión de quecemento grupal |
| 12:15 h | Carreira e Andaina da Familia → 3 km aproximadamente |
| 12:45 h | ACTIVIDADES LUDICAS PARA A FAMILIA |
| 13:00 h | INCHABLES E XOGOS PARA NENOS/AS |
| 13:30 h | SORTEO DE AGASALLOS E ENTREGA DE PREMIOS – FIN DE FESTA |

O percorrido tanto para a carreira como para a **ANDAINA** será de 3 km aproximadamente co obxectivo de que todos os integrantes das familias participantes poidan disputar a proba sen carácter competitivo.

INSCRICIÓN

As inscricións levaranse a cabo a través da páxina web www.carreirasgalegas.com ata o xoves 26 de setembro ás 23:59 horas.

O prezo da inscrición será de **6 €** por participante adulto. Os escolares menores de 16 anos inscribíranse gratuitamente na plataforma, **pero deberán realizar o donativo solidario no momento da recollida do dorsal.**

Non se establecerá idade mínima de participación, pero todos os menores de 10 anos deberán ir obrigatoriamente acompañados dun adulto durante a andaina y/ou carreira.

A RECADACIÓN IRÁ DESTINADA INTEGRAMENTE A ASANOG

Establecerase no formulario de inscrición a opción “DORSAL 0” no caso de que se desexe realizar un donativo a Asociación. Tamén o día propio do evento habilitarase unha carpa da Asociación para poder colaborar e doar o que cada persoa ou familia desexe.

PREMIOS

Estableceranse os seguintes premios por “chegados a meta” da carreira:

- A familia máis numerosa.
- O avó/avoa de máis idade.
- As/os 3 primeiras/os chegadas/os a META
- A 1ª familia monoparental
- A 1ª familia de 3 integrantes
- A 1ª Familia de 4 integrantes
- A 1ª Familia de 5 integrantes

A proba formará parte do calendario oficial de probas da Federación Galega de Atletismo, e polo tanto, todo o non reflectido no presente regulamento rexerese, por esta orde, polas normas da FGA, RFEA e da IAAF.

RESPONSABILIDADE

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, realizarse o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime a organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

LOPD Todas as persoas corredoras ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello de Ames e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades e publicación de reportaxes sobre a proba.